INFORME SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO ANTEPROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DOS COLEXIOS PROVINCIAIS DE ECONOMISTAS POR FUSIÓN DOS COLEXIOS DE TITULARES MERCANTÍS E DE ECONOMISTAS EXISTENTES NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

1. En data 20-11-2015 ante a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, mediante escrito subscrito pola Comisión Xestora composta polos representantes legais dos nove colexios de Economistas e de Titulares Mercantis promotores da fusión, formalizouse a solicitude de aprobación da Lei de Fusión dos Colexios de Titulares Mercantís e de Economistas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia, xunto cos acordos adoptados polas asembleas dos colexios promotores.

2. No Diario Oficial de Galicia do 23 de decembro de 2015, publicouse o *ANUNCIO do 16 de decembro de 2015, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se acorda someter a información pública o anteproxecto da Lei de creación dos colexios provinciais de economistas por fusión dos colexios de titulares mercantís e de economistas existentes na Comunidade Autónoma de Galicia.*

3. O texto do anteproxecto de Lei publicouse na páxina web da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, aos efectos de información pública e presentación de suxestións no prazo de 15 días hábiles contados desde o día 21 de decembro de 2015.

4. En data 18-12-2015, en trámite de audiencia remitiuse o texto do anteproxecto de Lei ás secretarías xerais técnicas de todas as consellerías e Secretaría xeral de Presidencia, así como aos colexios promotores.

5. Formularon alegacións ao texto do Anteproxecto de Lei, no prazo concedido a estes efectos os Colexios de Economistas de Ourense, A Coruña e Lugo, e os Colexios de Titulares Mercantís de Vigo, A Coruña, Ourense e Pontevedra, solicitando que se incorpore ao articulado do Anteproxecto de lei o establecemento de exencións fiscais que correspondan respecto dos tributos autonómicos que graven as operacións derivadas do proceso de unificación. Fundamentan esta petición no disposto na Lei 30/2011, de 4 de outubro, sobre creación do Consejo General de Economistas (unificación das organizacións colexiais de economistas e titulares mercantil).

6. Formalizada consulta ante a Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), informan que a Comunidade Autónoma de Galicia non ten atribuídas competencias normativas en materia tributaria, polo que a petición de regulación de exencións na norma obxecto de tramitación non poden ser admitidas.

7. En data 28-01-2016 solicítanse informes aos seguintes órganos: Consello Galego de Economistas; Consejo General de Economistas; Dirección Xeral de Orzamentos; Secretaría Xeral de Igualdade; e Consello Galego da Competencia.

   Todos eles emiten informes favorables ao anteproxecto de Lei de fusión, formulando recomendacións de redacción e mellora do texto, dos que foron incorporados os seguintes:

A) Consello Galego de Colexios de Economistas, en referencia a erro de denominación do Consello nos artigo 3 e 4, que foi debidamente rectificado.
B) Secretaría Xeral de Igualdade, que en cumprimento da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, formula proposta de inclusión na disposición transitoria primeira, dunha referencia á composición equilibrada de homes e mulleres, polo que se modificou a redacción precedente, incorporando o seguinte texto "Na designación das persoas integrantes da comisión xestora procurarase acadar unha composición equilibrada de mulleres e homes"

Así mesmo e a proposta da antedita secretaria formalízanse diversas correccións coa fin de elaborar un texto normativo adaptado a unha linguaxe non sexista.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2016

A xefa do Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas

M.ª Amadora Rodríguez Carreira